



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP SANTIAGO DE OLIVEIRA

Fraga do Rei s/n 36864 PONTEAREAS

Tlfno 886120782 e Fax: 886 120 784

e-mail: ceip.fragadorei@edu.xunta.es

www.edu.xunta.es/centros/ceipsantiagooliveira/

MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR. CURSO 2021/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

CENTRO: CEIP SANTIAGO DE OLIVEIRA - PONTEAREAS

CÓDIGO CENTRO: 36016942

TELF. 886120782

DATA: ABRIL 2022

ÍNDICE

1. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN
2. ADDENDA CRITERIOS DE PROMOCIÓN 1ºEP
3. ADDENDA CRITERIOS DE PROMOCIÓN 2º EP
4. ADDENDA CRITERIOS DE PROMOCIÓN 3º EP
5. ADDENDA CRITERIOS DE PROMOCIÓN 4º EP
6. ADDENDA CRITERIOS DE PROMOCIÓN 5º EP
7. ADDENDA CRITERIOS DE PROMOCIÓN 6º EP
8. APROBACIÓN E PUBLICIDADE.

1.- CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN

Ao longo de cada un dos cursos realizaranse, polo menos, **tres sesións de avaliación** para cada grupo de alumnos e alumnas, que serán presididas pola persoa titora do grupo e nelas participará o profesorado que imparte docencia no grupo, a persoa titular da xefatura de estudos e contará co asesoramento do departamento de orientación.

Valorarase o desenvolvemento xeral do alumnado, a súa aprendizaxe, a práctica docente do profesorado e aquelas circunstancias que se consideren relevantes.

*A persoa titora levantará **unha acta** na que consten as valoracións e conclusións sobre o nivel de rendemento do grupo e do alumnado e os acordos adoptados en relación co grupo ou en relación cos alumnos e coas alumnas.*

Seguindo a ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia o alumnado promocionará automáticamente en 1º, 3º e 5º de E. Primaria. No caso de que un alumno promocione con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

Ao finalizar os cursos 2º, 4º e 6º de E. Primaria no proceso de avaliación o equipo docente tomará as decisións de promoción tendo en conta os seguintes criterios de promoción:

- O alumnado promocionará ao seguinte curso se xa foi adoptada a medida ordinaria de permanencia dun ano máis no curso.

- Valorarase a NON PROMOCIÓN do alumnado que teña avaliación negativa en tres áreas e non alcance o grao de adquisición das competencias correspondentes.

No caso do alumnado con adaptación curricular (ACS), os referentes de avaliación serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte. O alumnado con ACS segue o mesmo criterio de promoción.

O alumnado que NON acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso (só unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal). Esta medida ten carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. O equipo docente organizará un *Plan específico de Reforzo*.

O alumnado que o rematar 6º na etapa de primaria obtivese un 60% de deces (10) nas súas cualificacións e, ademais, o **equipo docente** considere, na sesión de avaliación final, que reúne outras habilidades, destrezas e actitudes, poderá recibir a *Mención Honorífica*. A proposta de *mención honorífica* farase constar na acta de avaliación.

2.- ADDENDA CRITERIOS DE PROMOCIÓN 1º EP

Os criterios de promoción recollidos na programación didáctica de 1º curso de E. Primaria NON SE APLICAN DURANTE ESTE CURSO debido ás modificacións introducidas pola ORDE de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación do ensino de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. O alumnado PROMOCIONARÁ automaticamente.

Establécese como *criterios de cualificación* nas áreas de titoría (que están reflectidos na programación didáctica) os seguintes:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS
Traballo diario 40%	Portafolio, diario de aula, rúbricas.
Participación, esforzo, actitude cara a materia 30%	Escalas de valoración, listas de cotexo.
Probas de avaliación final das U. didácticas 30%	Probas orais ou escritas.

3.- ADDENDA CRITERIOS DE PROMOCIÓN 2º EP

Valorarase a NON PROMOCIÓN do alumnado que teña avaliación negativa en tres áreas e non alcance o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Seguindo a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, ao finalizar o curso de 2º de primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o *equipo docente*, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a *promoción do alumnado*. A decisión será adoptada de maneira colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e as competencias adquiridas e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con *cualificación negativa* recibirá os *apoios necesarios* para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

Ao finalizar o curso o *profesorado titor* emitirá un *informe* sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.

Establécese como *criterios de cualificación* nas áreas de titoría (que están reflectidos na programación didáctica) os seguintes:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	PORCENTAXE
Consecución de obxectivos (observación, probas orais, escritas e manipulativas)	60%
Aspectos cualitativos (compromiso, responsabilidade, participación, actitude, manexo das situación)	40%

A avaliación será continua e estará basada na *observación como ferramenta fundamental*. Observación de aspectos como: pensamento creativo, resolución de problemas, manexo das situacións, actitude positiva, participación, uso correcto do material, estrutura de traballo, responsabilidade, compromiso.

Se empregarán os seguintes *registros de observación*: registros anecdóticos (con relación ás presentacións formuladas), registros globais do grupo, registros individuais, registros que se traspasen á linguaxe do currículo establecido para o curso, registros complementados con documentación de imaxes (gravacións en vídeo, por exemplo)

Así pois, as avaliacións cualitativa e cuantitativa, sumaranse ao final do proceso avaliatorio, podendo, para o caso, establecer alguna proba obxectiva que conclúa unha calificación.

4.- ADDENDA CRITERIOS DE PROMOCIÓN 3º EP

Os criterios de promoción recollidos na programación didáctica de 3º curso de E. Primaria NON SE APLICAN DURANTE ESTE CURSO debido ás modificacións introducidas pola ORDE de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación do ensino de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. O alumnado PROMOCIONARÁ automaticamente.

Establécese como *criterios de cualificación* nas áreas de titoría (que están reflectidos na programación didáctica), os seguintes:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	PORCENTAXE
Traballo de aula: oral e escrito	60%
Observación	30%

Actitude fronte á materia	10%

5.- ADDENDA CRITERIOS DE PROMOCIÓN 4º EP

Valorarase a NON PROMOCIÓN do alumnado que teña avaliación negativa en tres áreas e non alcance o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Seguindo a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, ao finalizar o curso de 4º de primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o *equipo docente*, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a *promoción do alumnado*. A decisión será adoptada de maneira colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e as competencias adquiridas, tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con *cualificación negativa* recibirá os *apoios necesarios* para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

Ao finalizar o curso o *profesorado titor* emitirá un *informe* sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.

Establécese como *criterios de cualificación* nas áreas de titoría (que están reflectidos na programación didáctica), os seguintes:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	PORCENTAXE
Probas escritas (presenciais, semipresenciais ou virtuais).	40%
Probas orais (presenciais, semipresenciais ou virtuais).	15%
Estudo e traballo diario.	5%
Caderno.	10%
Tarefas extraescolares.	10%
Participación na clase.	5%
Esforzo.	5%
Proxecto de centro.	10%

Cualificación final	100%
---------------------	------

Durante o curso escolar a avaliación sempre terá un carácter continuo, e teranse en conta os logros do alumnado, así como a súa evolución. Os traballos presentados deberán respectar unhas normas de presentación establecidas, dependendo, en cada caso do que se esixa en cada un deles. É importante que o alumnado traia o día de clase aquel material que se lle pida para unha actividade concreta. Realizarase a avaliación empregando diferentes instrumentos de avaliación.

Haberá unha proba escrita por cada grupo de estándares que se relacionen entre si e que coincidirán con cada unidade temática do libro.

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información: presentación, búsqueda de información, exposición oral caderno de clase, traballo de aula ou virtual, actitude e participación, lectura da biblioteca de aula, velocidade lectora, respecto polas normas, polo material e polos compañeiros/as.

A nota final será a nota da media das tres avaliacións. Se poderá recuperar unha proba non superada. Se un alumno ou alumna tivera varios traballos incorrectos, poderá presentalo de novo recuperando deste modo. Como é unha avaliación continua, e a dificultade das actividades increméntase, á vez que se traballa sobre conceptos anteriores, se o alumnado manifesta un esforzo, atención e actitude positivas, e un afán de mellorar, se este tivera unha avaliación anterior suspensa, podería, tamén recuperala. Nas probas escritas incluíranse preguntas sobre os contidos non superados na avaliación anterior e que se tratan exclusivamente nun trimestre concreto.

6.- ADDENDA CRITERIOS DE PROMOCIÓN 5º EP

Os criterios de promoción recollidos na programación didáctica de 5º curso de E. Primaria NON SE APLICAN DURANTE ESTE CURSO debido ás modificacións introducidas pola ORDE de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación do ensino de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. O alumnado PROMOCIONARÁ automaticamente.

Establécese como *criterios de cualificación* nas áreas de titoría (que están reflectidos na programación didáctica), os seguintes:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	PORCENTAXE
Probas escritas.	40%

Probas orais.	20%
Estudo e traballo diario.	5%
Caderno.	5%
Tarefas extraescolares.	5%
Participación na clase.	5%
Esforzo.	10%
Proxecto de centro.	10%
Cualificación final	100%

Durante o curso escolar a avaliación sempre terá un carácter continuo, e teranse en conta os logros do alumnado, así como a súa evolución. Os traballos presentados deberán respectar unhas normas de presentación establecidas, dependendo, en cada caso do que se esixa en cada un deles. É importante que o alumnado traia o día de clase aquel material que se lle pida para unha actividade concreta. Realizarase a avaliación empregando diferentes instrumentos de avaliación.

Haberá unha proba escrita por cada grupo de estándares que se relacionen entre si e que coincidirán con cada unidade temática do libro.

Aspectos que se van valorar dentro da *observación do traballo na aula* e instrumentos para a recollida desta información: presentación, búsqueda de información, exposición oral caderno de clase, traballo de aula ou virtual, actitude e participación, lectura da biblioteca de aula, velocidade lectora, respecto polas normas, polo material e polos compañeiros/as.

A nota final será a nota da media das tres avaliacións. Se poderá recuperar unha proba non superada. Se un alumno ou alumna tivera varios traballos incorrectos, poderá presentalo de novo recuperando deste modo. Como é unha avaliación continua, e a dificultade das actividades increméntase, á vez que se traballa sobre conceptos anteriores, se o alumnado manifesta un esforzo, atención e actitude positivas, e un afán de mellorar, se este tivera unha avaliación anterior suspensa, podería, tamén recuperala. Nas probas escritas inclúranse preguntas sobre os contidos non superados na avaliación anterior e que se tratan exclusivamente nun trimestre concreto.

7.- ADDENDA CRITERIOS DE PROMOCIÓN 6º EP

Valorarase a NON PROMOCIÓN do alumnado que teña avaliación negativa en tres áreas e non alcance o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Seguindo a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, ao finalizar o curso de 6º de primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o *equipo docente*, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a *promoción do alumnado*. A decisión será adoptada de maneira colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e as competencias adquiridas, tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

Ao finalizar a etapa o *profesorado titor* emitirá un *informe* sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas de cada alumna ou alumno. No caso do alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

Establécese como *criterios de cualificación* nas áreas de titoría (que aparecen reflectidos na programación didáctica), os seguintes:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	PORCENTAXE
Probas escritas.	40%
Probas orais.	20%
Estudo e traballo diario.	5%
Caderno.	5%
Tarefas extraescolares.	5%
Participación na clase.	5%
Esforzo.	10%
Proxecto de centro.	10%
Cualificación final	100%

Durante o curso escolar a avaliación sempre terá un carácter continuo, e teranse en conta os logros do alumnado, así como a súa evolución. Os traballos presentados deberán respectar unhas normas de presentación establecidas, dependendo, en cada caso do que se esixa en cada un deles. É importante que o alumnado traia o día de clase aquel material

que se lle pida para unha actividade concreta. Realizarase a avaliación empregando diferentes instrumentos de avaliación.

Haberá unha proba escrita por cada grupo de estándares que se relacionen entre si e que coincidirán con cada unidade temática do libro.

Aspectos que se van valorar dentro da *observación do traballo na aula* e instrumentos para a recollida desta información: presentación, búsqueda de información, exposición oral caderno de clase, traballo de aula ou virtual, actitude e participación, lectura da biblioteca de aula, velocidade lectora, respecto polas normas, polo material e polos compañeiros/as.

A nota final será a nota da media das tres avaliacións. Se poderá recuperar unha proba non superada. Se un alumno ou alumna tivera varios traballos incorrectos, poderá presentalo de novo recuperando deste modo. Como é unha avaliación continua, e a dificultade das actividades increméntase, á vez que se traballa sobre conceptos anteriores, se o alumnado manifesta un esforzo, atención e actitude positivas, e un afán de mellorar, se este tivera unha avaliación anterior suspensa, podería, tamén recuperala. Nas probas escritas incluíranse preguntas sobre os contidos non superados na avaliación anterior e que se tratan exclusivamente nun trimestre concreto.

8.- APROBACIÓN E PUBLICIDADE

8.1. Aprobación.

Queda aprobada a modificación da concreción curricular para o curso 2021/22 en claustro extraordinario con data 19 de abril de 2022.

8.2. Publicidade.

O documento será publicado na páxina web do centro.